

# A ESTACIÓN VIOLENTA

[Anxos Fazáns, 2017]

# 384

ESTREA EN NUMAX: 31.05.2018 | V.O. | +16

*A estación violenta* (2017, 62')

**Dirección:** Anxos Fazáns

**Guión:** Xacobe Casas, Anxos Fazáns, Daniel Froiz, Ángel Santos (Novela: Manuel Jabois)

**Elenco:** Xosé Barato, Nerea Barros, Laura Lamontagne, Alberto Rolán, Xiana Arias

**Son:** Xavier Souto, Diego S. Staub

**Montaxe:** Diana Toucedo, Iria Silvosa, Anxos Fazáns

**Música:** Charles Rapante

**Dirección de arte:** Samuel Lema

**Vestuario:** Uxía Pereiro

**Fotografía:** Alberte Branco

**Produtoras:** Matriuska Producciones S.L (España)

**Distribuidora:** Margenes Distribución

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Galego

## PREMIOS E FESTIVAIS

Mestre Mateo 2018 (8 nominacións)

## SINOPSE

A vida non é inofensiva. Pode ser esgotadora e frustrante. A Manuel gustaríalle ser escritor, pero en lugar diso vive atrapado na súa rutina, incapaz de afrontar as súas emocións. Terá un inesperado reencontro cos seus mellores amigos da adolescencia que fará disparar todas as súas pulsións.

O xoves 31 de maio contaremos con presentación e coloquio a cargo da directora, Anxos Fazáns, e o actor Alberto Rolán.

«O filme ábrese cun plano fascinante das costas de Nerea Barros, como se levase toda a historia do filme escrita aí»

Philipp Engel, FOTOGRAMAS



## “O que me gusta da historia é todo o que non se di”

Entrevista con Anxos Fazáns

Por Ramón Rey

**Por que decidiches adaptar a novela de Manuel Jabois?** O proxecto parte do produtor do filme. Daniel Froiz merca en 2008 os dereitos da novela cando se publica. E durante un tempo este proxecto está aí un pouco parado. Empezan a traballar versións de guión, pero sen terminar de desenvolvelo. Cara a 2014 é cando me contactan. Empezamos a falar da posibilidade de facela. Contactamos porque estaba interesado no meu traballo e eu xa participara en *Las altas presiones* (Ángel Santos, 2014). Contactamos coa intención de facer algo xuntos. Eu como directora, el como produtor dentro de Matriuska. Pasoume a novela e as primeiras versións de guión. Eu conecto moitísimo cos personaxes e empezamos a falar de como vía eu esa posíbel película e nuns meses decidimos que si, que eu podería ser a directora do proxecto. Eu realmente non coñecía a novela anteriormente.

**O filme ten unha pátina de melancolía e nostalxia que recorda moito a esta idea da idiosincrasia galega de**

**sempre, que é un cliché pero tamén ten algo de realidade. Ten que ver con experiencias persoais ou unha identificación co contido da novela?** Si, escóitoo moito ultimamente. De entrada interésome polos personaxes, aínda que me resultan un pouco afastados. Supostamente era unha xeración superior á miña. Daquela foi como describir esa xeración desde a miña mocidade e un pouco desde a distancia de poder ver que é o que lles pasou. E isto parecíame superinteresante. Pero é que ademais diso, logo, no proceso de facela, fun atopándome a min mesma na historia, e achegando cousas persoais e da miña xeración. Ao final é un retrato dun momento de crise que todos podemos pasar. Un momento de estancamento vital, de dúbida existencial, que todos pasamos. Entón, non sei se realmente hai algo galego que nos fai sentir nostalxia, creo é a realidade en xeral, que é complicada hoxe en día. A historia que conto creo que podería estar ambientada en calquera momento histórico, porque sempre houbo artistas frustrados e autodestrutivos. Un inspírase no que ten máis preto, pero esta historia podería ser en calquera lugar, calquera tempo.

**A novela tiña bastantes diálogos, pero o filme chama a atención precisamente polo seu silencio, as cousas que non se din teñen moita máis importancia que o que se expresa.** De partida o guión co que comezamos a traballar, xa nas primeiras conversas con Dani, o que nos gustaba da historia era todo o que non se di. Que na novela tamén está. Quizais si hai máis diálogos, pero tamén a novela

se dispersa máis, fala de moitos máis temas, hai máis personaxes. E é diferente: está escrita en primeira persoa, é unha linguaxe totalmente diferente. Pero para o filme interesábanos sobre todo esa contención que si que está na novela e ese pasado do que non se fala, que se intúe, que se sente, pero que non se menciona. E desde o primeiro momento interesábanos iso, falar do que non se fala. Representar o que non se pode dicir.

**O paso do tempo e o recordo da felicidade pasada, iso é o que creo transmite máis a película ao final.** É que vai diso. E creo que todos o sentimos. Por iso coído que non é un retrato xeracional exactamente, porque a todos nos chega un momento na vida, algúns con corenta anos, outros con vinte, no que nos damos conta de que o mellor xa pasou. Eu teño 25 anos, certa esperanza na vida. De feito creo que no filme deixo unha pequena marxe para ver certa luz e un pouco de esperanza, pero si que hai un choque cando maduras e te dás de conta do complicadas que son algunhas cousas e de como funciona o mundo. Ese desencanto está aí e ese mirar cara atrás e pensar nas amizades, o verán, a mocidade, provoca nostalxia. E o que digo, algúns o senten antes, máis tarde ou varias veces. Pásanse a vida sentindo esa nostalxia e non sendo capaces de ver o que teñen no presente, que é o que lle pasa ao protagonista. Era todo o que eu tentaba transmitir.

Publicado en [www.cinemaldito.com](http://www.cinemaldito.com)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)



**Abónate e ven sempre por 4,5€**

**Faite NUMAX!**